



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ACTA N.º 2/2018 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 22 DE FEBREIRO DE 2018

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- MODIFICACIÓN SINGULAR N.º 25 DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DO MUNICIPIO DE NIGRÁN, REFERIDA A MEDIDAS DE REXENERACIÓN, REHABILITACIÓN E RENOVACIÓN URBANA. APROBACIÓN INICIAL

I.2.- SOLICITUDE DE SUPRESIÓN DE PEAXE DA AG-57

I.3.- PLAN DE SEGURIDADE VIARIA DE GALICIA 2016-2020 (ESTRADA PO-552)

I.4.- MOCIÓNS DE URXENCIA:

1.4.1. REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA PÚBLICA ANOS 2013, 2014 E 2015

1.4.2. CONVENIO PARA A DELEGACIÓN NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DOS PROCESOS SELECTIVOS REFERIDOS Á POLICÍA LOCAL E AOS SEUS AUXILIARES

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA

II.2.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGLA DO GASTO E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2017

II.3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2017

II.4.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

- D.^a Raquel Giráldez Armas

- D. Diego García Moreira

- D. Rubén Rial Sánchez

- D.^a Ana Pérez Pérez

- D. José Luis Sanromán Román

- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

- D. Alberto García Pazos

- D.^a Liliana Silva Pequeño

- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorreto

- D. Miguel Alonso Fernández

- D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo

- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

--





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 22 de febreiro de 2018
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa do Concello de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinario
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:01
- *Hora de remate:* 23:09
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

Incidencias:

- a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se producen.
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- MODIFICACIÓN SINGULAR N.º 25 DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DO MUNICIPIO DE NIGRÁN, REFERIDA A MEDIDAS DE REXENERACIÓN, REHABILITACIÓN E RENOVACIÓN URBANA. APROBACIÓN INICIAL

A Comisión Informativa de Urbanismo do 8 de febreiro de 2018 ditaminou favorablemente o asunto. Tralo proxecto de acordo emitiu informe o Secretario Xeral con data 19 de febreiro de 2018. O Consello Sectorial do PXOM tratara a cuestión en sesión do 7 de febreiro de 2018.

O ditame da Comisión Informativa di o seguinte:

“Expte. 16/0673U (2016002149)

Antecedentes

1. O Concello de Nigrán conta cunhas Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico (NNSS) aprobadas con carácter definitivo mediante acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 25/11/87, ratificadas en data 9 de Febreiro de 1988 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra en data 25/03/88. Estas mesmas NNSS foron posteriormente modificadas por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 16/05/91 ratificado por outro de 16/10/91, que aprobou o seu texto refundido (BOP do 23/11/91). Con posterioridade sucedéronse outras modificacións que afectaron





a aspectos singulares, coa intención de corrixir deficiencias, adaptar o planeamento a novas normas que foron entrando en vigor, etc.

No substantivo, o corpo das NNSS de Planeamento de Nigrán mantívose vixente ao longo xa de case trinta anos á marxe da constante evolución do marco normativo tanto no eido urbanístico como sectorial.

Se ben o Concello xa está a tramitar un novo PXOM chamado a substituír ás NNSS, durante a prolongada e complexa tramitación administrativa dese novo instrumento faise preciso dar resposta a unha serie de necesidades acuciantes que teñen xurdido fundamentalmente como consecuencia desa variación imparabile do contexto normativo.

Tendo en conta esta circunstancia, o Concello encomendou aos seus servizos técnicos a redacción dunha modificación singular das NNSS na que se identificasen as principais disfuncións e problemas e se propuxesen solucións aos mesmos, sempre dende a perspectiva do interese público.

A proposta de modificación singular elaborada polo arquitecto municipal identifica en efecto unha serie de disfuncións nas NNSS que dificultan a consecución dos obxectivos en materia de rexeneración e renovación urbana, rehabilitación e eficiencia enerxética que perseguen as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia e a Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, actualmente refundida no Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de Outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.

Non se pretende a través desta modificación singular introducir cambios no modelo urbanístico das NNSS, pois tal tarefa corresponderá ao PXOM. Tampouco se pretende variar a clasificación ou cualificación do solo, aumentar a intensidade edificatoria nin a ocupación do territorio. De forma sinxela, preténdese introducir pequenas correccións na normativa que posibiliten, ou polo menos non obstaculicen, acadar os obxectivos marcados polas normas mencionadas, e que corrixan certas deficiencias funcionais apreciadas durante a prolongada vixencia das NNSS pola oficina municipal de urbanismo.

2. En particular, a presente modificación singular ten por obxecto actualizar as previsións da normativa das NNSS no que se refire ás seguintes materias:

- a) Mellorar, actualizar e adaptar á lexislación vixente a regulación das edificacións preexistentes.
- b) Mellorar a regulación das obras permitidas en edificacións obxecto de algún réxime de protección.
- c) Actualizar a regulación dos materiais construtivos, dos elementos de composición das edificacións e a integración das mesmas na contorna.
- d) Regular os equipamentos e fomentar a diversidade de usos compatibles nos núcleos rurais e urbanos.
- e) Adecuar á lexislación vixente as condicións de urbanización, especialmente no solo urbano.
- f) Integrar as enerxías renovables e minimizar a contaminación do solo e dos acuíferos.
- g) Adaptar o planeamento á normativa aeroportuaria.
- h) Adaptar o planeamento á normativa de costas.

3. Visto o anterior, no mes de decembro de 2016 redactouse pola oficina técnica municipal do Concello de Nigrán un borrador de modificación singular das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Nigrán (en adiante, NNSS) coa finalidade de introducir no desactualizado planeamento municipal unha serie de medidas para a rexeneración, rehabilitación e renovación urbanas.

Analizado o anterior, a alcaldía acordou o 13/12/16 iniciar un expediente de contratación do documento inicial estratéxico legalmente esixido para a tramitación desta modificación singular, que





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

resultaría adjudicado a D^a Paula Fernández Otero mediante decreto da alcaldía do 28/12/16 (expte. 2016/175C).

4. Mediante oficio da alcaldía 15/02/17 remitiuse á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia o borrador da Modificación Singular nº 25 das NNSS elaborado pola oficina técnica municipal e o documento ambiental estratéxico elaborado por D^a Paula Fernández Otero.

5. Con data 16/05/17 tivo entrada no rexistro xeral municipal a resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo á modificación singular, así como os informes emitidos e as alegacións formuladas durante o período de consultas. De conformidade co sinalado neste informe, o órgano ambiental acordou non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a modificación singular de referencia, propoñendo a introdución de certas correccións en materia de protección do patrimonio cultural, tendentes a evitar que as edificacións que contén con protección podan chegar a considerarse fora de ordenación.

6. Con data 20/07/17 emitíuse informe polo técnico de administración xeral municipal indicando a necesidade de recabar certos informes sectoriais con carácter previo á aprobación inicial, así como a conveniencia de aproveitar a modificación en trámite para dar cumprimento ao requirimento formulado pola Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento o 5/07/12, en materia de servidumes aeronáuticas do aeroporto de Vigo.

7. O Concello solicitou os informes sectoriais aos que se aludía no informe citado, constando recibidos o informe favorable en materia de costas da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia do 30/08/17 (recibido o 5/09/17), o informe favorable do Director Xeral de Aviación Civil do 20/11/17 (recibido o 23/11/17), da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Agricultura e pesca, alimentación e medio ambiente do 4/12/17 (recibido o 14/12/17) e informe desfavorable do Director da Axencia Galega de Infraestruturas do 11/12/17 (recibido o 18/12/17).

Tódolos informes mencionados realizan observacións ao proxecto de modificación e identifican cuestións a subsanar. Co fin de corrixir estas deficiencias introduxéronse modificacións nos diferentes documentos, considerando que o texto actual respecta o sinalado nos informes sectoriais.

8. Con datas 20/12/17 e 8/01/18 emitíronse respectivamente polo arquitecto e o técnico de administración xeral municipais os informes dos servizos técnicos e xurídicos municipais aos que alude o art. 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

9. Consta no expediente o documento denominado *“Modificación singular nº 25 das Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello de Nigrán referida á: medidas de rexeneración, rehabilitación e renovación urbana”*, en cuxa portada indícase *“Documento de aprobación inicial”*, que consta de 106 páxinas e dous planos, redactado polo arquitecto municipal, con data de sinatura electrónica do 21/12/17 e código CSV 49TSI62B7KNEXXMZ. Este documento subsana as deficiencias detectadas no informe ambiental estratéxico e nos diferentes informes sectoriais previos aos que se ten feito referencia.

Ademais, entre outros, constan no expediente os seguintes documentos:

- a) Documento denominado *“Modificación singular nº 25 das Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello de Nigrán referida á: medidas de rexeneración, rehabilitación e renovación urbana”*, en cuxa portada indícase *“avaliación ambiental estratéxica simplificada”*, redactado por D^a. Paula Fernández Otero e con data de sinatura do 14/02/17.





- b) Documento denominado “*Resumo executivo da Modificación singular nº 25 das Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello de Nigrán referida a medidas de rexeneración, rehabilitación e renovación urbana*”, redactado polo técnico de administración xeral municipal con data de sinatura do 8/01/18 e código CSV PEZUDRETE0DYK1CI.
- c) Documento denominado “*Resumo non técnico do documento ambiental estratéxico da Modificación singular nº 25 das Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello de Nigrán referida á: medidas de rexeneración, rehabilitación e renovación urbana*”, redactado polo técnico de administración xeral municipal con data de sinatura do 8/01/18 e código CSV MJK6HS320FQEOL0B.

Fundamentos xurídicos

1. A modificación do planeamento urbanístico.

Segundo o previsto no art. 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en adiante, LSG), a alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levarse a cabo mediante a revisión deles ou a modificación dalgún dos seus elementos.

O procedemento de aprobación da modificación singular das NNSS deberá adaptarse, segundo se deduce do indicado no art. 83.5 da LSG, ao previsto con carácter xeral para a aprobación do planeamento xeral no art. 60 do mesmo texto legal.

2. Xustificación do interese público subxacente na modificación.

De acordo co previsto no artigo 83.1 da LSG, calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas.

As razóns que motivan a presente modificación aparecen descritas ao longo da totalidade do documento asinado polo arquitecto municipal, e en especial nos apartados de “antecedentes” e na “memoria informativa e xustificativa”.

3. Avaliación ambiental estratéxica.

O art. 6 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (LAA) establece que serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans e programas, así como as súas modificacións, que se adopten ou aproben por unha Administración pública e cuxa elaboración e aprobación veña esixida por unha disposición legal ou regulamentaria ou por acordo do Consello de Ministros ou do Consello de Goberno dunha comunidade autónoma cando se dean certas circunstancias.

O mesmo precepto desa lei estatal establece que serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica simplificada, entre outras, as modificacións menores dos plans e programas mencionados previamente.

No caso que nos ocupa remitíronse ao órgano ambiental autonómico o documento inicial estratéxico e o borrador da modificación, realizándose polo dito órgano a tramitación esixida e emitíndose con data 3/05/17 resolución da Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático na que, logo da correspondente xustificación, acordouse non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a modificación singular de referencia. A propia resolución dispón que a mesma ten a consideración de “informe ambiental estratéxico”.

Xa que logo, de conformidade co previsto nos arts. 60 e 85.3 da LSG e o resto de normativa concordante, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación singular nº 25 das Normas Subsidiarias de planeamento do municipio de Nigrán, referida a medidas de rexeneración, rehabilitación e renovación urbana, recollida no documento denominado *“Modificación singular nº 25 das Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello de Nigrán referida á: medidas de rexeneración, rehabilitación e renovación urbana”*, en cuxa portada indícase *“Documento de aprobación inicial”*, con data de sinatura electrónica do 21/12/17 e código CSV 49TSI62B7KNEXXMZ.

SEGUNDO.- Acordar a suspensión dos procedementos de outorgamento de licenzas en todo o termo municipal de Nigrán, de conformidade co previsto nos arts. 47.2 e 83.5 da LSG e 86 do RSG.

Esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos a contar da presente aprobación e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva da modificación singular.

A suspensión non afectará ás seguintes actuacións:

- a) Ás obras de mantemento, conservación e reforma, salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.
- b) Ás licenzas de primeira ocupación.
- c) Aos proxectos que cumpran simultaneamente as NNSS en vigor e a modificación singular aprobada inicialmente. A tal efecto, os proxectos incorporarán na súa memoria unha xustificación específica do dito cumprimento simultáneo.
- d) Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados na modificación singular.

TERCEIRO.- Someter a modificación singular aprobada inicialmente, con todos os documentos integrantes do expediente tramitado, ao trámite de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia. O expediente estará dispoñible na sede electrónica do Concello de Nigrán.

Igualmente, trasladar a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, a fin de que por este se realicen os trámites previstos no art. 60.7 da LSG. En particular, solicitarase de xeito expreso a emisión do informe de avaliación do impacto da modificación singular desde a **perspectiva de xénero**.

Por último, solicitar os restantes informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa lexislación vixente.

CUARTO.- Facultar ao Alcalde para que impulse o procedemento mediante a realización dos trámites necesarios para que o documento poda no seu momento ser sometido ao Pleno para a súa aprobación provisional, coas modificacións que proceda introducir como resultado da tramitación seguida, incluída tamén a corrección de cantas deficiencias se detecten. “

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: É a culminación dun proceso longo no que traballaron os técnicos municipais. Trátase dunha aprobación inicial que responde a unha necesidade. Dálle a palabra ao concelleiro de urbanismo, afirmando que esta iniciativa non paraliza o Plan Xeral.





D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado: As normas levan vixentes desde 1991 e van quedando obsoletas a raíz das sucesivas reformas normativas. Esta iniciativa facilitará a realización de certo tipo de obras ou reformas e incidirá nos viais existentes. Favorecerá iniciativas cidadás. Non se alteran edificabilidades nin outros parámetros. Con isto non se bloquea a tramitación do Plan Xeral.

D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez, do grupo Popular: O voto do PP será positivo. Son modificacións puramente técnicas que afectan a cuestións de aliñamentos, materiais e cubertas. Estamos desfasados nesta materia e percíbese inseguridade nos propios técnicos. Haberá unha suspensión de licenzas pero non se espera que sexa problemática. Agradece o traballo dos técnicos. O PP contribuirá a que se acade a necesaria maioría absoluta. Pregunta se se vai aprobar o Plan Xeral.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Teñen que tomar unha decisión responsable. Dise que é unha modificación técnica. En todo caso debe basearse en razóns de interese público. Refírese ás normas da Lei do Solo de Galicia que rexen as modificacións do planeamento e o réxime do viario no solo de núcleo rural. Pregunta onde están os aliñamentos nos planos e na ordenación. Isto deberían sabelo os veciños no período de información pública. Os propietarios non van saber cales son os aliñamentos. Tamén está a cuestión das cores a empregar. Non se debe usar o planeamento como ferramenta electoralista. Non coincide o paxinado dos documentos para a Comisión Informativa e para o Pleno. O informe do Secretario non está paxinado aínda sendo preceptivo. Pregunta a causa. No informe dos técnicos non se di se a documentación se axusta á legalidade. No informe do Secretario fanse determinadas reservas sobre o viario. Non consideran necesaria esta modificación. Tratouse de ocultar un informe. Votarán que non .

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Segundo o goberno isto vai resolver problemas. Non hai que crear falsas expectativas aos cidadáns. É certo que as normas están desfasadas pero non que se vaian poder modificar vivendas no rural con carácter xeral. Non queda claro como se vai operar, sobre todo tendo en conta o criterio restritivo que sosteñen os técnicos do Concello. Non cre que a tipoloxía pola que se aposta se axuste ás nosas características. Desaparece a preferencia pola pedra. Os aliñamentos dos viais é outra cuestión problemática, sobre todo pola conservación dos muros tradicionais, aínda que se prevé a posibilidade de retranquealos. Pensa que hai que corrixir a referencia ao criterio dos técnicos municipais para determinar a sección viaria. Tamén se limita a superficie das construcións auxiliares, sendo máis restritivo isto que a situación actual. Tampouco se sabe a repercusión do Plan Básico da Xunta. Pensa que se favorece a construción en zonas de ordenanza 6, por exemplo. Está claro que non vai ser a panacea. Confía en que o goberno corrixira aspectos trala exposición pública. Como é un punto de partida dará un voto afirmativo crítico, condicionado a que se corrixira antes da aprobación provisional. Faltou tamén información por parte do goberno durante o proceso seguido. Nos núcleos de Panxón e Ramallosa aprécianse certas restricións.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: É unha modificación de moito calado para a normativa urbanística, basicamente impulsada polos técnicos de urbanismo. Son estes quen se enfrontan ás demandas urbanísticas dos veciños. Pola súa parte o marco normativo autonómico tamén ten luces e sombras. Se non se vai da man dunha inspección





urbanística algunhas determinacións poderían facilitar irregularidades. O período de información pública vai permitir presentar alegacións. Así nos aliñamentos, o seu grupo fará unha alegación para que se mellore a redacción e taxar os casos nos que se admitan excepcións.

Sr. Alcalde-Presidente: Pensa que é un traballo que se empezou co goberno anterior. Recoñece o impulso dos técnicos municipais. Acepta que isto non é a panacea e recoñece que lle queda moito percorrido procedimental e de achegas diversas. Aquí non hai outro interese que o público. Non se trata de ocultar nada.

Sra. Rodríguez Rodríguez: Pregunta pola transcendencia das deficiencias apuntadas.

Sr. Secretario Xeral: Coa autorización da Presidencia, intervén para sinalar que nun procedemento desta complexidade, tanto formal coma de fondo, é difícil asegurar que todos os cabos están atados. No relativo á incorporación do informe da Secretaría, probablemente a oficina tramitadora considerou que era suficiente co informe xurídico que xa figuraba no expediente, sen reparar en que tamén era necesario o da Secretaría. Dado que o asunto se ía a incluír na orde do día do pleno e faltaba ese informe preceptivo, optouse, para non paralizar o procedemento, por emitilo e anexalo á restante documentación do expediente, o que permite que neste momento se poida estar falando del.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Non coñecen os termos do informe e xurden dúbidas sobre se nel se contén algún impedimento para votar no sentido do ditame da Comisión. E tamén se debería haber algún plano que defina os aliñamentos, e algún pronunciamento de que se cumpre a Lei do Solo.

Sr. Secretario Xeral: Non é fácil improvisar unha opinión sobre cuestións que deberían resolverse no curso do procedemento. Formalmente o expediente incorpora o informe da Secretaría e, no que se refire ao contido do mesmo, o aspecto máis significativo entende que é o relativo a que os aliñamentos deben estar definidos de forma máis precisa na propia normativa, achegando seguridade xurídica ao proceso.

Sr. Cuevas Raposo: Isto pode acabar nun contencioso. Os veciños non saberán a que alegar. Non se lles dixo que había modificacións na documentación. Faltan planos.

Sr. García Moreira: Acaba de oír unha explicación xurídica que lle convence. Nunca se está libre de recursos. O acomodarnos á lei galega xustifica a modificación.

Sr. Cuevas Raposo: Hai aspectos que son subsanables e outros non. Fagamos as cousas ben.

Sr. Fernández Comesaña: Coincide que ese aspecto das aliñacións debe corrixirse. Hai algún informe sectorial desfavorable que hai que ter en conta tamén. Por outra parte, mediante unha redacción axeitada debe quedar clara a obriga de conexión á rede de sumidoiros.

Sr. Rodríguez Fernández: Non leu o informe do Secretario, porque non sabía que se ía a emitir. Debeu advertirse e comunicarse esta circunstancia. Pide que quede sobre a mesa o asunto, para mellor estudo.





Sr. Alcalde-Presidente: Non ten inconveniente en que quede sobre a mesa.

Votación e acordo sobre a petición de deixar o asunto sobre a mesa (art. 92.1 do ROF).- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PSOE, PP, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 2; Nigrán Decide.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda que o asunto quede sobre a Mesa.

I.2.- SOLICITUDE DE SUPRESIÓN DE PEAXE DA AG-57

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 15 de febreiro de 2018, á iniciativa do grupo socialista, asume como proposta propia a seguinte:

"Exposición de motivos

A autoestrada do Val Miñor, denominada AG-57 púxose en funcionamento no ano 1999. Trátase dunha vía de titularidade autonómica, dependente da Consellería de Infraestructuras e Vivenda, da que o Grupo Itinere ten unha concesión ata 2045.

Esta autoestrada é a ruta máis rápida para chegar o Hospital Álvaro Cunqueiro, a Universidade de Vigo ou o Aeroporto de Peinador. Tres infraestructuras públicas clave que non dispoñen de transporte directo e áxil, sendo a AG-57 a única vía rápida de acceso.

A principal vía de comunicación do Parque Empresarial Porto do Molle de Nigrán tamén é a AG-57, sendo moi recomendable o uso desta vía de alta capacidade por parte dos transportes pesados o que revertería nunha mellora da seguridade viaria.

A autoestrada é tamén unha circunvalación para os tres municipios do Val Miñor, achegado deste xeito unha solución o aumento de tráfico en momentos puntuais e mellorando por tanto a seguridade.

Tendo en conta que incluso a Autoestrada AP-9 ten tramos gratuítos que circunvalan as cidades, e que outros tramos que anteriormente tiñan peaxe, agora foron suprimidos. E de xustiza tratar a toda a cidadanía galega por igual, tendo os veciños de Nigrán e do Val Miñor o mesmo dereito a dispoñer dunha vía de comunicación rápida, segura e que circunvala os tres concellos.

Proposta de resolución

1. Solicitar a Consellería de Infraestructuras e Vivenda da Xunta de Galicia a supresión inmediata da peaxe da AG-57 e da súa variante AG-57N, sen custe engadido para os veciños e veciñas de Nigrán e do Val Miñor."





Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Trátase de defender unha proposta xa vella reactivándoa aproveitando a liberación da peaxe en Redondela.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

1.3.- PLAN DE SEGURIDADE VIARIA DE GALICIA 2016-2020 (ESTRADA PO-552)

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 15 de febreiro de 2018, a partir dunha iniciativa do do grupo UCN e previa declaración de urxencia, ditamina o seguinte:

“Exposición de Motivos:

- 1.- El pasado 24 de enero tuvo entrada en el Registro Municipal el "Plan de Seguridad Vial de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria no contorno de treitos de concentración de accidentes na estrada PO-552, puntos kilométricos 6+500 a 7+800 e 10+600 a 13+800", a levar a cabo por la Consellería de Infraestructuras e Vivenda de la Xunta de Galicia, a través de la Axencia Galega de Infraestructuras.
- 2.- El citado proyecto se encuentra en trámite de exposición pública por un plazo de 30 días hábiles, de acuerdo con la publicación en el Diario Oficial de Galicia (DOGA), de fecha 24/01/18, para informe de las administraciones públicas afectadas y en su caso, presentar cuantas alegaciones o rectificaciones se consideren convenientes, así como también por los particulares cuyos bienes y derechos puedan estar sujetos a expropiación.
- 3.-Las actuaciones previstas en el proyecto de referencia, básicamente afectan en la parroquia de Priegue: Rotonda intersección con la rúa Mestra Emérita y en la parroquia de San Pedro: Rotonda intersección con la Rúa Valle Inclán. Se trata por consiguiente de una mínima intervención en una vía que desde Priegue a Ramallosa tiene la consideración de urbana, con una muy elevada densidad de tráfico diario (tanto de turismos como vehículos pesados y de transporte interurbano), como principal vía de comunicación que atraviesa el municipio de Norte a Sur, por lo que muy difícilmente podrá alcanzarse el objetivo previsto en el Plan de reducción de accidentes en la PO-552, tal como se propone en el proyecto.





4.-Dado que las actuaciones propuestas por la Axencia Galega de Infraestructuras no resuelven los graves problemas que tiene la PO-552 en todo su trazado urbano de Nigrán, desde Priegue a Ramallosa, lo que urge llevar a cabo un plan integral y no un mero parche. Se propone sustituir los actuales cruces con regulación semafórica. Actuaciones en: Intersección rúa Torreiro. Intersección urbanizo Los Abetos. Cruce rúa dos Pazos con Otero Pedrayo. Intersección con la rúa Manuel Alonso. Intersección rúa J.M.Pérez Alonso. Cruce rúa Telleira con rúa Canido. Intersección con rúa Rans. Cruce rúa Manuel G. Prado con rúa Francisca Lago. Intersección rúa dos Argonautas, así como reductores de velocidad y la mejora del firme y señalización vertical y horizontal etc.

5.- Tenemos conocimiento por la prensa que el pasado 31 de enero el Sr. Alcalde remitió copia del citado proyecto a las Asociaciones vecinales de Priegue, Nigrán y San Pedro, por lo que desconocemos si ya presentaron alguna propuesta en el Ayuntamiento para su traslado a la Xunta.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno la adopción del siguiente ACUERDO:

PRIMERO.- Instar al Alcalde Presidente, para que por los técnicos municipales se elabore informe que analice las necesidades de mejora en cruces e intersecciones en toda la traza urbana de la PO-552, desde Priegue hasta La Ramallosa, y que se redacte escrito de alegaciones.

SEGUNDO.- Convocar a la Junta de Portavoces del Concello previamente a la aprobación de las alegaciones a presentar ante la Axencia Galega de Infraestructuras de la Consellería de Infraestructuras e Vivenda, de la Xunta de Galicia, al proyecto de "Plan de Seguridade Vial de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria no contorno de treitos de concentración de accidentes na estrada PO-552, puntos kilométricos 6+500 a 7+800 e 10+600 a 13+800, en el municipio de Nigrán".

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Explica a moción e a oportunidade de alegar a esta iniciativa. Noutros casos semellantes non se deu esta oportunidade á Corporación. Prevense rotondas en lugares non tan conflictivos coma outros nos que non se prevé nada. Pregunta ao Alcalde se houbo algunha novidade neste asunto.

Sr. Alcalde-Presidente: É un proxecto da Xunta. Non houbo coñecemento previo. Cando chegou comunicouse ás entidades veciñais das zonas afectadas. A Xunta manifestou que se van limitar ás zonas acoutadas. Non teñen inconveniente en aprobar a moción.

Dª. María Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular: A Xunta fai a súa proposta referida a tramos onde se acumulan accidentes. Non son só rotondas, senón que se trata de tramos da estrada. Enumera diversas interseccións nas que se vai intervir. Pensan que á parte destas actuacións hai outras tamén necesarias. Apoiarán a moción. O proxecto está aberto a modificacións.





D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Hai outros puntos que lle parecen máis perigosos coma a curva das Angustias, que debería incluírse nas alegacións. Apoiarán a moción.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Pide copia das alegacións que se fagan.

Sr. Alcalde-Presidente: Ademais das técnicas, faranse alegacións entre todos os grupos.

Sr. Fernández Comesaña: Agradece o amparo corporativo. Fará falta apoio técnico para alegar.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.4.- MOCIÓN DE URXENCIA:

1.4.1- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA PÚBLICA ANOS 2013, 2014 E 2015

A Alcaldía-Presidencia somete á consideración do Pleno o pronunciamento sobre o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Especial de Contas do 20 de febreiro de 2018 en relación coa seguinte proposta da Alcaldía.

Vista a solicitude presentada por Cespa S.A. o día 02.08.2013 (registro de entrada no concello nº 10021) de revisión de prezos e de abono de atrasos, referidos ao contrato administrativo asinado con este concello o día 14/12/2004 correspondente ós anos 2013, 2014 e 2015.

Visto o informe emitido polo enxeñeiro técnico de data 16/02/2018.

Considerando que os coeficientes ponderados a, b e c da fórmula de revisión de prezos estarán expresados en centésimas de conformidade co establecido no capítulo XVII do pliego de condicións técnicas e económico-administrativas que rexen a contratación mediante concurso de servizos de recollida de residuos urbanos e a limpeza pública do municipio de Nigrán

Considerando preciso expresar en centésimas os coeficientes ponderados a, b e c da fórmula de revisión de prezos de conformidade co motivadamente indicado no informe antes citados do enxeñeiro técnico.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Considerando preciso tomar para os coeficientes k' e k'' da fórmula de revisión de prezos os valores motivadamente indicados no informe do enxeñeiro técnico do día 16.02.2018.

Esta Alcaldía, proponlle ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 20.02.18, referencia T 28/18.

Segundo.- Aprobar a seguinte revisión de prezos do contrato administrativo asinado por este Concello con Cespa S.A. o 14/12/2004.

- Revisión de prezos ano 2013

$$P = 1.195.250,28 (1,2077 + 1 + 0,9995 - 2) - ((55.010,15/2) - 11.911,67) = 1.427.312,73€ \text{ (sen IVE)}$$

- Revisión de prezos ano 2014

$$P = 1.195.250,28 (1,2161 + 0,980 + 0,9996 - 2) - ((57.828,58/2) - 11.911,67) = 1.412.158,14€ \text{ (sen IVE)}$$

- Revisión de prezos ano 2015

$$P = 1.195.250,28 (1,1982 + 1 + 1,0005 - 2) - ((58.483,25/2) - 11.911,67) = 1.415.416,56€ \text{ (sen IVE)}$$

Terceiro.- Recoñecer os seguintes atrasos

- Ano 2013

$$1.392.329,27 - 1.427.312,73€ = 34.983,46€ \text{ (sen IVE)}$$

- Ano 2014

$$1.392.329,27 - 1.412.158,14€ = 19.828,87€ \text{ (sen IVE)}$$

- Ano 2015

$$1.392.329,27 - 1.415.416,56€ = 23.087,29€ \text{ (sen IVE)}$$

- Ano 2016

$$1.392.329,27 - 1.415.416,56€ = 23.087,29€ \text{ (sen IVE)}$$

- Ano 2017

$$1.392.329,27 - 1.415.416,56€ = 23.087,29€ \text{ (sen IVE)}$$

Cuarto.- Notificarlle este acordo á empresa Cespa S.A. indicándolle que pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo caber interpoñer potestativamente recurso de





reposición, no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o correspondentes Xulgado do Contencioso-Administrativo ou, no seu caso, ante a sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo de Xustiza de Galicia, segundo a distribución de competencias indicadas na Lei 29/1998 de 13 de xullo, no prazo de dous meses a contar dende a notificación deste acordo, sen prexuízo de que a empresa poida interpor calquera outro recurso que estime procedente .

Deliberacións sobre a urxencia:

Sr. Alcalde-Presidente: Xa se comentara no seu momento que o asunto viría a este Pleno.

Votación e acordo relativo á urxencia.- Sometida á votación a declaración de urxencia, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a declaración de urxencia.

Deliberación sobre o fondo do asunto.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Faltan dous anos, pero aínda non se dispón dos importes de SOGAMA. Trátase de liquidar a débeda con CESP. Houbo un estudo dos parámetros a aplicar e coa iniciativa de Nigrán Decide tivéronse tamén en conta as cifras correspondentes aos SIX. Con todo isto obtívose a cifra resultante para estes tres anos.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Despois das reunións celebradas e dos datos obtidos actuarán con responsabilidade e con prudencia. O soporte é dunha asesoría técnica externa por un contrato de apoio á Enxeñeira, quen non presta o seu visto e prace. Como a auditoría non está rematada falta saber o grao de execución do contrato. Parece que se vai propoñer unha reorganización do servizo e, de ser o caso, habería que sustentala axeitadamente. Á vista do proceso seguido, absteranse.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: A urxencia deriva de non facer ben as cousas. Este servizo debería estar municipalizado. Pero, xa que hai un contrato hai que cumprilo, tanto o Concello, pagando o debido, coma a empresa, cumprindo o pactado. Grazas á súa emenda descontáronse contías á empresa en beneficio da veciñanza. A enquisa determina a aplicación dun factor que sempre vai beneficiar o interese público. Absteranse, porque só é un primeiro paso.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: A cuestión abórdase con moito atraso. Houbo problemas na tramitación do procedemento que determinou o seu voto en contra na Comisión. Non entende por que non se fan todas as enquisas, que ademais sufraga a propia empresa. Pregunta se a empresa pagou 39.000 euros liquidados no 2011 polo





tratamento de voluminosos. Ten dúbidas se é procedente a revisión á vista da xurisprudencia relativa ao restablecemento do equilibrio económico. Absterase.

D. Xavier Rodríguez Rodríguez, do grupo BNG: Non se vencella a revisión co cumprimento do contrato. Por iso valora que se lle desconte o importe referido aos SIX. O Concello debe aterse ás súas obrigas e en paralelo esixirille á empresa que cumpra.

Sr. Alcalde-Presidente: Estase tratando de cumprir o compromiso adquirido cos traballadores da empresa. Isto obrigou a apurar o proceso. Tamén se abordará a cuestión da reorganización. A enquisa vaise contratar.

Sr. García Pazos: Lembra o proceso dos informes pedidos que se foron atrasando e a dificultade de obtelos.

Sr. Fernández Comesaña: Incide tamén no proceso de obtención dos informes e na realidade duns atrasos.

Sr. Alcalde-Presidente: Agradece a predisposición de todos. Le a parte dispositiva da proposta.

Votación e acordo sobre o fondo do asunto.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PSOE e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 9; PP, Nigrán Decide e UCN.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.4.2.- CONVENIO PARA A DELEGACIÓN NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DOS PROCESOS SELECTIVOS REFERIDOS Á POLICÍA LOCAL E AOS SEUS AUXILIARES

O grupo UCN propón someter á consideración do Pleno pola vía de urxencia este asunto, que fora ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 15 de febreiro de 2018.

Votación e acordo relativo á urxencia.- Sometida á votación a declaración de urxencia, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.





Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a declaración de urxencia.

Deliberación sobre o fondo do asunto.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Trátase de acollerse a unha disposición da Xunta de Galicia para a selección de Policías Locais. Pensa que os concellos estanse apuntando. Fai falta informe xurídico por ser un asunto que require de maioría absoluta.

D. Liliانا Silva Pequeño, do grupo Popular: Na comisión díxose que facía falta informe xurídico obrigatorio. Quedou claro.

Sr. Secretario Xeral: Cando as Comisións Informativas fan propostas que van máis alá de declaracións políticas, aquelas deben ir precedidas do correspondente expediente administrativo que permita fundamentar correctamente a decisión que se pretenda adoptar. Neste caso concreto, debería existir unha avaliación por parte do departamento de persoal da situación na que se atopa o cadro de persoal, ofertas de emprego, procesos selectivos abertos, execución de sentenza xudicial en curso, etc. Polo tanto, sería imprudente improvisar un informe verbal sobre unha cuestión que legalmente require unha maioría absoluta e sobre a que tamén podería ser necesario o informe da Intervención. Aínda así, se se confirma que o convenio require que por parte da Secretaría se emita unha certificación que garanta o cumprimento da legalidade por parte do Concello nos trámites previos á convocatoria, xa adianta que non será posible asumir tal cometido, porque as opinións non poden garantirse baixo fe pública. Do mesmo xeito, a Comunidade Autónoma tampouco se compromete a certificar a legalidade dos procesos selectivos que leve a cabo. Polo tanto, dado que non pode emitir informe no acto, pide que o asunto quede sobre a mesa.

Votación e acordo sobre a solicitude de deixar o asunto sobre a mesa (art. 92.2 do ROF).- Coa conformidade de todos os membros da Corporación, o Pleno do Concello acorda deixar o asunto sobre a mesa ata a próxima sesión.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estiveron á disposición dos Sres. Concelleiros as Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 17 de xaneiro de 2018 (n.º 2018000061), e o 15 de febreiro de 2018 (n.º 2018000273), ambos incluídos.

O Sr. Alcalde tamén informa ao Pleno do seguinte:

I.- CUMPRIMENTO DO TRÁMITE DE DAR CONTA AO PLENO EXPEDIENTE: 03/2017 AEDL





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

A Cláusula “Décima: Solicitudes e Documentación” das Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017 da Deputación de Pontevedra, publicadas pola Deputación de Pontevedra no BOP do 30/12/16, establece que: “As solicitudes deberán ser aprobadas mediante acordo do órgano competente do concello, que indique expresamente a finalidade concreta e a cantidade que se solicita, achegándose este acordo ou unha certificación acreditativa do acordo de aprobación. No caso de seren aprobadas mediante decreto da Alcaldía, ou ben acordo da Xunta de Goberno Local, daráselle conta desta aprobación ó Pleno da corporación municipal”.

Cumprindo dito requisito, indícase que con data 31/01/17, asinouse a Resolución de solicitude de subvención ao abeiro das bases referenciadas, entregando no Rexistro da Deputación de Pontevedra a documentación que integra o expediente o 03/02/17.

Nesta convocatoria, a solicitude de persoal al abeiro da Liña 3 do Plan Concellos, quedou integrada polos seguintes equipos de traballo:

- 2 oficiais de albanelería; 9,5 meses; xornada completa.
- 21 peóns forestais; 7 meses; xornada completa.
- 4 conserxes/ordenanzas; 9 meses; 75% da xornada.

Estes equipos tiveron un custo salarial de 218.459,15€ dos que 218.252,28€ foron subvencionables ao abeiro desta convocatoria.

A prestación destes servizos xa rematou e actualmente estase en fase de xustificación final da subvención recibida.

Vistos estes antecedentes, ordéase seguir a tramitación correspondente para dar conta ao Pleno do remate deste expediente, na primeira convocatoria en que a organización municipal o permita.

II.- CUMPRIMENTO DO TRÁMITE DE DAR CONTA AO PLENO EXPEDIENTE: 09/2018 AEDL

A Cláusula “Décima: Solicitudes e Documentación” das Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018 - 2019 da Deputación de Pontevedra, publicadas no BOP do 03/01/17 publicadas pola Deputación de Pontevedra no BOP do 29/12/17, establece que: “As solicitudes aprobarasen mediante acordo do órgano competente do concello, no que se indique expresamente a finalidade concreta, e achegarase este acordo ou unha certificación acreditativa do acordo de aprobación. Prara tal efecto, nun único acordo poderanse aprobar varias solicitudes. No caso de seren aprobadas mediante decreto da Alcaldía, ou acordo da Xunta de Goberno Local, daráselle conta desta aprobación ao Pleno da corporación municipal”.

Cumprindo dito requisito, indícase que con data 29/01/18, asinouse a Resolución (número 2018000138) de solicitude de subvención ao abeiro das bases referenciadas, remitindo á Deputación de Pontevedra a documentación que integra o expediente o 01/02/18 por correo certificado.

Nesta convocatoria, a solicitude de persoal al abeiro da Liña 3 do Plan Concellos, quedou integrada polos seguintes equipos de traballo:

- 21 peóns forestais: 7,5 meses, xornada completa.
- 2 oficiais de albanelería: 9 meses, xornada completa.
- 3 conserxes: 9 meses, 75% da xornada.

Estes equipos teñen un custo salarial de 230.710,31€ dos que 225.333,96 son subvencionables ao abeiro desta convocatoria.





Vistos estes antecedentes, ordéase seguir a tramitación correspondente para dar conta ao Pleno deste expediente, na primeira convocatoria en que a organización municipal o permita.

III.- CUMPRIMENTO DO TRÁMITE DE DAR CONTA AO PLENO EXPEDIENTE: 13/2018 AEDL

A Cláusula "Cuarta: Solicitudes e Documentación" das Bases de subvencións en especie para adaptación de 9 puntos limpos na provincia de Pontevedra, dentro das actividades do proxecto 0264-ESTRAEE "Estratexia sostible transfronteriza para a xestión dos RAEE" cofinanciado nun 7%% polo FEDER a través da primeira convocatoria dos POCTEP2014-2010 (INTERREG V-A POCTEP), publicadas pola Deputación de Pontevedra no BOP do 29/12/17, establece que: "As solicitudes aprobarasen mediante acordo do órgano competente do concello, no que se indique expresamente a finalidade concreta, e achegarase este acordo ou unha certificación acreditativa do acordo de aprobación. No caso de seren aprobadas mediante decreto da Alcaldía, ou acordo da Xunta de Goberno Local, daráselle conta desta aprobación ao Pleno da corporación municipal".

Cumprindo dito requisito, indícase que con data 05/02/18, asinouse a Resolución (número 2018000195) de solicitude de subvención ao abeiro das bases referenciadas, remitindo á Deputación de Pontevedra a documentación que integra o expediente o 12/02/18 por correo certificado.

Nesta convocatoria, a solicitude de subvención non está contificada, dado que se trata dunha aportación en especie para o Punto Limpo.

Vistos estes antecedentes, ordéase seguir a tramitación correspondente para dar conta ao Pleno deste expediente, na primeira convocatoria en que a organización municipal o permita.

II.2.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGLA DO GASTO E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2017

O informe da Intervención municipal que contén a información correspondente é o que a seguir se identifica:

- Rfa. T 21/18
- Data de emisión: 31-01-2018
- Epígrafe: Obxectivo de estabilidade orzamentaria, "Regla do gasto", e nivel de débeda viva estimados no cuarto trimestre de 2017.

II.3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2017

A documentación de referencia é a facilitada pola Intervención municipal, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Nigrán durante o 4.º trimestre do 2017.

II.4.- ROGOS E PREGUNTAS

- 1.- D^a. María Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:





1.1. ¿Presentaron ya la denuncia de la desaparición del equipo de sonido del Pabellón?

Sr. Alcalde-Presidente: Se transmitiu ao Xefe da Policía Local e dixo que xa se encargaba el de facer as investigacións e denuncia.

2.- *D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:*

2.1. Seguen co radio cassette no pavillón?

Sr. Alcalde-Presidente: Non fun ao pavillón esta semana.

Sr. Cuevas Raposo: É que o ano pasado gastámonos varios miles de euros nun equipo de música e ao mellor podía ser interesante usalo alí, senón desapareceu tamén.

2.2. Pregunteille por un valo publicitario en Priegue.

Sr. Alcalde-Presidente: Hai expediente aberto en urbanismo.

2.3. Volvo a reiterarlle o rogo de que faga xestións na Xunta referido á curva das Angustias.

3.- *D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:*

3.1. Nos dijo que ya se nos podía dar copia de la RPT, debió de pasar casi un mes.

D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado: Estamos no mesmo punto que estábamos antes. A empresa pediu unha documentación, porque había uns erros no seu borrador, basicamente tres ou catro salarios mal calculados. Pasámoslle eses datos e estamos á espera de ter nós tamén o borrador definitivo da RPT.

Sr. García Pazos: Se dan cuenta que basan toda la aprobación de la RPT exclusivamente en traerla aquí cuando los sindicatos le hayan dicho que sí.

Sr. Cuevas Raposo: Traer as cousas pechadas para volver a abrilas non é o procedemento. Eu pedín hai meses que se me facilitase unha información e aos cinco días se me ten que facilitar, senón argumentarme por escrito por que non se me facilita. Iso é falta de transparencia.

4.- *D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:*

4.1. En canto a esta RPT, que non vaia a resultar como en Baiona que parece que beneficia a catro pero a cento catro non.

4.2. Felicitar ao Concelleiro de Vías e Obras, porque algunhas peticións que se teñen plantexado as está cumprindo satisfactoriamente.





4.3. Que se incorpore unha placa no camiño do Lavadeiro en Sancho. No seu extremo oeste non a hai.

4.4. Dado que o entorno do Concello ten unha escaseza de iluminación, porque os proxectores están enfocados cara a fachada do Concello e tanto o xardín coma a rúa están case en penumbra, que se busque unha fórmula.

4.5. En Camos, na rúa dos Pazos, onde está o camiño das Pedras, hai unha liña continua, porque agora ao volver a pintar borraron a descontinua. Que se volva a pintar liña descontinua para que se poda facer o xiro.

4.6. En relación ás axudas da Xunta como consecuencia dos danos polos incendios do pasado mes de outubro, ¿foron solicitadas por parte do Concello axudas, e de que tipo? De ser así, cantas se solicitaron e foron abonadas?. Tamén as do Estado.

Sr. Alcalde-Presidente: Non se tramitou ningunha. Os que si cobraron foron algúns particulares.

4.7. Vense autorizando a tenencia de animais perigosos por particulares. Existe algún censo ao respecto e que control se ten por parte do Concello?

Sr. García Moreira: Censo si existe. Cando hai algunha infracción compróbase que estea con microchip e se é un animal potencialmente perigoso que estea incluído no noso censo.

4.8. En relación co funcionamento da oficina municipal de información ao consumidor parece que por parte do Concello non se está prestando moita atención a nivel informativo. Quería saber se hai algún control de solicitudes, de queixas, de información, que foran tramitadas nos últimos tres anos. De ser así que índice de resolución hai?

Sr. García Moreira: A maioría son de operadoras.

Sr. Fernández Comesaña: Levar un control estatístico.

4.9. Recentemente saíu na prensa que un grupo inversor australiano estaría negociando a compra da actual concesionaria do servizo de abastecemento de auga AQUALIA. Ten algunha información ao respecto?

Sr. Alcalde-Presidente: É a primeira noticia que teño.

4.10. Por que razón se ven incumprindo a ordenanza fiscal reguladora da taxa de conexión de auga potable e sumidoiros nas liquidacións que se veñen practicando por conexión á rede? Sabe que a cota tributaria ven determinada pola aplicación do artigo 5.1 que di que se liquidará por cada metro cadrado de vivenda en función da superficie construída do inmovible? Entón se aplica en función de toda a superficie total construída segundo datos obtidos do Catastro incluíndo aparcadoiros, beirarrúas, almacéns, incluso galiñeiros, segundo informe da Enxeñeira municipal que vostede firma?





Sr. Alcalde-Presidente: Como en todas as cousas hai erros. Son documentos que se fan desde os diferentes departamentos e espero que este sexa un erro. Llo transmitiremos á Enxeñeira municipal inmediatamente.

4.11. Na Rúa Manuel Lemos estanse a realizar unhas obras nunha edificación que está obrigando a unha ocupación temporal de beirarrúas e incluso parte da calzada con valos e andamios, incluso afectando aos aparcadoiros da zona. Por canto tempo se autorizou esta ocupación de dominio público? A canto ascendeu a liquidación practicada? Xa foi ingresada no Concello? Quen autoriza estas ocupacións de dominio público?

Sr. Alcalde-Presidente: Liquidación, non sei canto é. A obra segundo contaron era un mes.

Sr. Fernández Comesaña: Pido que se me facilite canto é a liquidación e se está ingresada e saber quen autoriza este tipo de ocupacións, se é a Policía Local exclusivamente.

Sr. Alcalde-Presidente: Dende o departamento de urbanismo, porque a licenza seguramente xa implica que haxa ocupación. A Policía Local foi a que nos transmitiu que se ía facer.

4.12. Recentemente foi autorizado un vertido de augas residuais á rede de saneamento municipal de Porto do Molle á empresa Supervisión y Control. É algo puntual ou permanente? Cobróuselle algunha taxa? De ser así a canto ascendeu?

Sr. Alcalde-Presidente: Descoñezo o asunto.

Sr. Fernández Comesaña: Conteste por escrito.

4.13. O pasado 19 de decembro o Xulgado Contencioso administrativo núm. 2 ditou sentenza número 300/2017 no procedemento abreviado 338/2017, pola que se condena ao Concello de Nigrán a pagar 2.736,68 euros por danos en responsabilidade patrimonial do Concello. Pode aclararme a que foi debido? En todo caso pásenme copia da sentenza.

Sr. Alcalde-Presidente: A copia pode tela.

4.14. Véñense declarando determinados vehículos como residuos sólidos urbanos, algúns por abandono na vía pública e outros de propiedade municipal por finalizar a súa vida útil. Que procedemento se sigue na eliminación destes residuos?

D. Rubén Rial Sánchez, concelleiro Delegado: Faise un expediente para declaralo como residuo e mándase a un centro autorizado de tratamento. Véñeno a recoller. Non hai que pagar nada lévao o único desguace que hai no termo municipal, *Desguaces Miniño*. Coa Deputación había un convenio pero o servizo era máis deficiente.

Sr. Fernández Comesaña: Quería saber se se estaba utilizando este convenio ou se se ía por outra vía e se hai garantía de que, unha vez declarado como residuo, o vehículo ten ese fin.





Sr. Rial Sánchez: A garantía é que sexa un centro autorizado. A responsabilidade é do centro.

4.15. Que camiños foron propostos na solicitude dentro do Plan de mellora de camiños municipais 2018/2019 da Axencia Galega de Desenvolvemento rural da Xunta?

Sr. Alcalde-Presidente: A parte final da estrada de Nandín que está fundida.

4.16. No Pleno de decembro pasado aprobouse por unanimidade que de forma urxente se inicie expediente de contratación para a redacción do proxecto técnico para a ampliación e mellora dos camiños veciñais da rúa Gándara e rúa Ponte Muíña, que serven de acceso ao Parque empresarial de Porto do Molle así como tamén ao IES Val Miñor. Xa está iniciado o expediente de contratación? En caso contrario cando ten previsto facelo?

Sr. Alcalde-Presidente: Non está iniciado aínda. Temos o proxecto pero o que falta é esa ampliación que pediu vostede.

5.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:

5.1. Acabamos de aprobar a revisión de prezos do contrato da recollida de lixo e como manifestei antes, o Concello ten que cumprir coa empresa e ao mesmo tempo ten que realizar o control de concesionarias. Agora mesmo hai adxudicado un contrato para a vixilancia e control mensual do servizo de recollida de residuos e limpeza viaria que non se está a executar. Se me dixo que a empresa E-Sostible S.L. alegaba non poder acceder á oferta económica que fixo CESPAN no seu día e se me dixo que xa tiña autorización este mes. Preguntóuselle á empresa se xa accedeu a esa información?

D^a. Raquel Giráldez Armas, concelleira Delegada: Á empresa non. O que se fixo foi falar co departamento de Contratación e o que nos indican é que debemos esperar a marzo, supoñendo que accedan á información en febreiro e comprobar que van a presentar as auditorías correspondentes a este mes e as dos anteriores.

Sr. Rodríguez Fernández: Pagóuselle a esta empresa?

Sra. Giráldez Armas: Non.

Sr. Rodríguez Fernández: Nin os tres meses que presentaron?

5.2. Cando se lle adxudicou o contrato a esta empresa hai un informe sobre as ofertas económicas feito pola Enxeñeira municipal que di basicamente que mediante a documentación presentada non se xustifica a oferta presentada. En tanto por un lado non se xustifica a experiencia que se indica en traballos de auditoría de control de servizos da xestión de residuos e por outro lado non se recollen prezos unitarios nin os datos esixidos no prego referidos a persoal, referencias, instalacións e medios. Dicía basicamente que non cumpría o que se requiría no prego. O que quero saber é por que a pesar de haber este informe se adxudicou a esta empresa o contrato.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Sr. Alcalde-Presidente: Imaxino que ese sexa un informe previo, é moi difícil que no departamento de contratación se faga unha contratación cun informe dese xeito. Debería haber outro informe onde a empresa xustifica e un informe da Enxeñeira onde valida esa contratación.

Sr. Rodríguez Fernández: Creo que non hai outro informe.

Sr. Alcalde-Presidente: Se comproba e se che entrega.

Sr. Rodríguez Fernández: O expediente 2016/064C, o "C" refírese a contratación? Este é un expediente de contratación. Entón para saír de dúbidas o que me gustaría é poder ver o expediente completo.

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº e Prace
O ALCALDE
Juan Antonio González Pérez

